



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dña. _____, con DNI _____,
en representación de _____, con CIF _____,
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).
2. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Xeral de Circulación e uso da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 22/05/2006).
3. O guindastre móbil autopropulsado que pretende instalar na rúa _____, cumpre as disposicións e requisitos establecidos no novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria (ITC) MIE-AEM-4 do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados aprobado polo Real Decreto 837/2003, de 27 de xuño.
 - Dispón da correspondente “declaración de adecuación individualizada” e, no seu caso, da declaración “CE” de conformidade, presentadas e rexistradas ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente e que lle foi asignado o preceptivo número de identificación.
 - Pasou satisfactoriamente as inspeccións periódicas regulamentarias previstas na ITC MIE-AEM-4 e dispón das súas actas oficiais, da placa verde da ITGA en vigor, facilmente visible na cabina do guindastre e do historial de incidencias derivadas da utilización ou conservación do mesmo.
 - Atópase debidamente homologado e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
 - Dispón do permiso de circulación do vehículo e da tarxeta ITV en vigor e pagouse o último recibo do imposto de circulación e do seguro obrigatorio.
 - O/A operador/a D./Dña. _____, con DNI _____, designado/a para as operacións de conducción, montaxe e manexo do guindastre, conta co correspondente carné oficial de operador de guindastre móbil autopropulsado e co permiso de conducción da categoría adecuada.
 - O xefe da manobra do guindastre D./Dña. _____, con DNI _____, será responsable da dirección e supervisión da mesma.
4. Designa a D./Dña. _____, con DNI _____, como recurso preventivo responsable da actividade do guindastre, de acordo co artigo 32bis “Presenza dos recursos preventivos” da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
5. Esta en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20__

O/A declarante,

O/A operador/a
do guindastre,

O xefe da manobra
do guindastre,

O recurso preventivo,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____